

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 27 de xullo de 2008 pola que se convoca concurso de traslados para a cobertura de postos de traballo de persoal sanitario funcionario incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario funcionario ao servizo da comunidade autónoma.

Segundo se establece no artigo 29 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, o concurso constitúe o sistema normal de provisión de postos de traballo na Administración.

Actualmente existen postos de traballo vacantes de persoal sanitario funcionario non ocupados por persoal temporal, para ser desempeñados por persoal pertencente á escala de saúde pública e administración sanitaria, das relacións de postos de traballo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, referentes ao persoal de corpos e escalas incluídos no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da comunidade autónoma, cuxa provisión resulta necesaria para o bo funcionamento dos servizos.

De conformidade co establecido na disposición transitoria décimo cuarta do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, antes citado, non se inclúen neste concurso os postos de traballo vacantes ocupados por persoal interino con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005.

Este centro directivo, en uso das competencias que ten delegadas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e a Orde da Consellería de Sanidade, do 8 de maio de 2006, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, en relación co número 7a) do artigo 17 do citado decreto legislativo, tras a negociación coa representación do persoal na Mesa Sectorial de Negociación do persoal sanitario, na súa reunión do 31 de xullo de 2008, acorda convocar este concurso para a provisión dos postos de traballo vacantes que se relacionan no anexo I desta resolución de conformidade coas seguintes bases:

Primeira.-*Requisitos de participación.*

1.1. Só poderán participar neste concurso as persoas funcionarias incluídas no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, que na data da convocatoria reúna os requisitos exixidos para desempeñar os postos a que se opta conforme o especificado en cada caso no anexo I desta convocatoria, sempre que leven dous anos desempeñando un posto definitivo obtido por concurso, e pertencan á escala de saúde pública e administración sanitaria, nas súas respectivas clases, excepto as seguintes:

Grupo A: farmacéuticos/as inspectores/as de saúde pública, inspectores/as médicos/as, inspectores/as farmacéuticos/as.

Grupo B: subinspectores/as sanitarios.

1.2. Están obrigados a participar neste concurso os/as funcionarios/as da escala de saúde pública e administración sanitaria, coas excepcións expostas anteriormente, que se encontren:

a) En destino provisional nun posto de traballo como consecuencia do reingreso ao servizo activo, e reúnan os requisitos exhibibles nesta convocatoria e anexos correspondentes, todo iso de conformidade e cos efectos previstos no artigo 61 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

b) Cesados nun posto de traballo obtido por libre designación, ou ben pola supresión do seu posto de traballo ou removidos dos obtidos por concurso, e adscritos provisionalmente a un posto de traballo, de acordo co establecido no artigo 20 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna.

c) Excedentes forzosos.

Os/as concursantes forzosos/as teñen a obriga de solicitar, por orde de preferencia, todos os postos de traballo vacantes a que poidan acceder.

Os/as concursantes forzosos/as que incumpran total ou parcialmente esta obriga serán declarados/as de oficio na situación de excedencia voluntaria.

1.3. Os/as concursantes deberán indicar, pola orde de prelación, as vacantes polas que opten das que se inclúen no anexo I desta resolución.

1.4. Así mesmo, os/as funcionarios/as que o desexen poderán solicitar os postos de traballo que puidesen resultar vacantes como consecuencia da resolución deste concurso, especificando a súa preferencia de acordo cos seguintes datos:

-Localidade/es.

-Nivel do posto de traballo a que opte (especificando o nivel mínimo que se solicita).

Estes postos de traballo unicamente poderán ser adxudicados no caso de que o/a titular que os desempeñe con carácter definitivo obteña outro neste concurso. Consecuentemente, se o/a citado/a titular non participa nel ou, participando, non obtén destino, entenderase que o dito posto non foi convocado.

A súa adxudicación farase de acordo coas puntuacións obtidas de conformidade co baremo que rexe neste concurso.

Segunda.-*Solicitudes.*

2.1. Os/as concursantes axustaranse ao modelo de solicitude que se publica no anexo II desta resolución. As solicitudes irán dirixidas á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, edificio administrativo de San Lázaro s/n de Santiago de Compostela, e poderanse presentar nos rexistros dos servizos centrais ou periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde así como nos lugares que determina o artigo 38 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento adminis-

trativo común, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

2.2. No suposto de estar interesados/as en participar neste concurso dous/dúas funcionarios/as poderán condicionar a súa petición, por razóns de convivencia familiar, ao feito de que ambos os/as dous/dúas obteñan destino na mesma localidade, entendéndose, en caso contrario, anulada a petición efectuada por ambos os/as dous/dúas. Os/as funcionarios/as que se acollan a esta petición condicionada deberán concretalo na súa solicitude e xuntar fotocopia da petición do outro/a funcionario/a.

2.3. No prazo de presentación de solicitudes, os/as concursantes poderán retirar ou modificar a súa solicitude mediante a presentación dunha nova que anulará totalmente a anterior. Transcorrido o dito prazo, non se admitirá nin a modificación de solicitudes nin a retirada do concurso, tendo, en consecuencia, a dita solicitude carácter vinculante para o/a petionario/a, e os destinos adxudicados serán irrenunciábeis salvo que se obtivese outro destino mediante convocatoria pública antes de rematar o prazo de toma de posesión.

Terceira.-*Documentación.*

3.1. Os datos relativos ás circunstancias persoais e administrativas dos/as concursantes, así como os concernentes aos méritos que aleguen acreditaranse debidamente e deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

3.2. Os méritos, requisitos e datos imprescindibles deberán ser acreditados mediante certificado, que se xuntará coa solicitude que se presente, segundo o modelo que figura como anexo III desta resolución. Ao certificado deberán xuntar as fotocopias da documentación correspondente ás distintas situacións e méritos que se invoquen, e que deberán ser presentadas cotexadas fidelmente, significando que non se valorarán aqueles méritos que para a comisión de valoración non estivesen suficientemente acreditados.

Estas certificacións serán expedidas polas unidades seguintes, de acordo co destino definitivo de cada funcionario/a:

-Servizos centrais da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde: Subdirección Xeral de Persoal da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde.

-Servizos periféricos: secretarios/as das delegacións provinciais da Consellería de Sanidade e das direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde, de acordo coas unidades onde veñan prestando servizos os/as solicitantes.

No suposto de que se trate dun/dunha funcionario/a da escala de saúde pública e administración sanitaria que actualmente non preste servizos na Consellería de Sanidade ou no Servizo Galego de Saúde, tal certificación será expedida polo órgano responsable da xestión de persoal do organismo de que se trate.

Serán desestimadas, sen máis trámite, as solicitudes que conteñan algunha emenda, riscada ou raspadura,

tanto na instancia como en calquera documentación, que non se atopen salvadas baixo sinatura.

Cuarta.-*Valoración de méritos.*

A valoración de méritos alegados polos/as concursantes para a adxudicación de postos de traballo será efectuada, conforme o baremo que figura como anexo IV desta resolución, de forma que a prioridade para a adxudicación de postos de traballo estará determinada pola puntuación total obtida por aplicación do mencionado baremo.

En caso de empate na puntuación final, acudirase, para dirimilo, á maior puntuación obtida en cada epígrafe do baremo e pola súa orde e, se este persiste, ao de maior idade.

Quinta.-*Comisión de valoración.*

A valoración dos méritos alegados polos/as concursantes para a adxudicación dos postos de traballo vacantes será efectuada por unha comisión de valoración cuxa composición e funcionamento se axustará ao disposto no artigo 12 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo. Esta comisión terá a categoría primeira das previstas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnización por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica.

A comisión de valoración poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores/as, para aquelas tarefas que o requiran.

As propostas que, de acordo co establecido, realice a citada comisión terán o carácter de vinculantes para o órgano encargado da resolución do concurso.

Sexta.-*Resolución provisional do concurso.*

Elevada a proposta pola comisión de valoración a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde publicará, no taboleiro de anuncios dos lugares previstos na base segunda así como na páxina web da Consellería de Sanidade, a resolución provisional do concurso e contra esta poderán formular reclamacións ante o dito órgano no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da dita resolución provisional.

A estimación ou, se é o caso, desestimación das reclamacións que se presenten, entenderase implícita na resolución definitiva do concurso.

Sétima.-*Resolución definitiva do concurso.*

Examinadas e resoltas pola comisión de valoración as reclamacións, procederá a elevar proposta definitiva de resolución do concurso ao órgano convocante que procederá á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e na que figurarán os destinos adxudicados a cada un/unha dos/as participantes.

Rematada definitivamente a fase xeral, os/as participantes que así o indicasen na solicitude participarán directamente na fase de resultados respectando a súa orde final, sen necesidade de xuntar documentación complementaria ningunha, polo que bastará con especificar a/s localidade/es e/ou o nivel a que desexan acceder.

No suposto de ser adxudicado destino nesta fase, a autoridade convocante incluírao na resolución definitiva.

Oitava.-*Adxudicación de destinos.*

O destino adxudicado nas dúas fases do concurso será irrenunciábel, excepto que, con anterioridade ao remate do prazo de toma de posesión, se obtivese outro destino mediante convocatoria pública, ben polo procedemento de libre designación ou polo de concurso, en que poderán optar por un dos dous, estando obrigados a comunicar por escrito, nos tres días seguintes, a opción realizada á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde e, se é o caso, ao organismo en que obtivese destino.

Novena.-*Toma de posesión.*

Os prazos de cesamento no actual destino e toma de posesión no destino adxudicado serán anunciados mediante a resolución á que se fai referencia na base sétima desta resolución.

O/a funcionario/a a que nalguna das fases do concurso reguladas nesta resolución se lle adxudicase destino definitivo e non tome posesión deste dentro do prazo que para o efecto se establece perderá os seus dereitos pasando á situación administrativa que lle corresponda no seu corpo, escala e clase correspondente, exceptuándose aqueles que, no acto de toma de

posesión, soliciten e lles corresponda o pase a outra situación administrativa.

Os traslados que deriven da resolución deste concurso terán a consideración de voluntarios e, en consecuencia, non xerarán dereito a ningunha indemnización.

Décima.

No non previsto nestas bases, aplicarase o disposto con carácter xeral no Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna.

Décimo primeira.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, ante este mesmo órgano no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase impugnar directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego
de Saúde

ANEXO I
Vacantes do curso

Nº orde	Código do posto	Denominación do posto	Nivel	Grupo	Corpo/escala/clase (*)	Centro de destino	Localidade
1	CSA991000427001007	Sección de Programas Sanitarios	25	A	1.2.	Servizo de Promoción da Saúde	Lugo
2	CSA991000436001003	Sección de Epidemioloxía	25	A	1.2.	Servizo de Promoción da Saúde	Pontevedra
3	CSA991000436001007	Sección de Programas Sanitarios	25	A	1.2.	Servizo de Promoción da Saúde	Pontevedra
4	CSA991000436001037	Xestor sanitario	18	B	2.2.	Servizo de Promoción da Saúde	Pontevedra
5	CSA020000315770005	Sección de Análise e Integración de Sistemas de Información	25	AB	1.2./2.2.	Subd. Xeral de Información e de Servizos Tecnolóxicos	Santiago de Compostela
6	CSA020000315770013	Sección de Estatística da Actividade Asistencial	25	AB	1.2./2.2.	Subd. Xeral de Información e de Servizos Tecnolóxicos	Santiago de Compostela
7	CSA030000115770008	Sección de Seguridade Alimentaria I	25	A	1.2.3./1.2.4./1.2.6./1.2.7.	Subd. Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde	Santiago de Compostela
8	CSA030000115770010	Sección de Seguridade Alimentaria II	25	A	1.2.3./1.2.4./1.2.6./1.2.7.	Subd. Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde	Santiago de Compostela
9	CSA030000215770018	Sección de Enfermidades Inmunoprevibles	25	A	1.2.	Subd. Xeral de Epidemioloxía e Sistemas de Información	Santiago de Compostela
10	CSA030000215770020	Sección de Prevención de Enfermidades Transmisibles	25	A	1.2.	Subd. Xeral de Epidemioloxía e Sistemas de Información	Santiago de Compostela
11	CSA030000215770024	Xestor de Programas de Saúde Pública	22	AB	1.2./2.2.1.	Subd. Xeral de Epidemioloxía e Sistemas de Información	Santiago de Compostela
12	CSA030000415770006	Sección de Avaliación	25	AB	1.2./2.2.1.	Subd. Xeral de Organización, Avaliación e Calidade	Santiago de Compostela
13	CSA030000415770013	Sección de Coordinación e Control de Xestión	25	AB	1.2./2.2.1.	Subd. Xeral de Organización, Avaliación e Calidade	Santiago de Compostela
14	CSA030000015770013	Técnico sanitario	22	A	1.2.	Dirección Xeral de Saúde Pública	Santiago de Compostela
15	CSA030000015770021	Xestor sanitario	18	B	2.2.	Dirección Xeral de Saúde Pública	Santiago de Compostela
16	CSA040000115770011	Sección de Formación Especializada	25	A	1.2.	Subd. Xeral de Planificación Sanitaria	Santiago de Compostela
17	SGS030000115770003	Asesor técnico sanitario	22	AB	1.2./2.2.	Subd. Xeral de Procesos Asistenciais	Santiago de Compostela
18	SGS030000115770007	Sección de Ordenación da Atención Especializada	25	A	1.2.	Subd. Xeral de Procesos Asistenciais	Santiago de Compostela
19	SGS030000115770020	Sección de Avaliación de Atención Primaria	25	A	1.2.	Subd. Xeral de Procesos Asistenciais	Santiago de Compostela
20	CSA991000436560001	Técnico sanitario	22	A	1.2.	Servizo de Promoción da Saúde	Vigo

(*) As claves utilizadas para designar corpos, escalas e clases na relación de postos de traballo do persoal incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, figuran no DOG nº 107, do 5 de xuño de 2007, na páxina 9.434.

ANEXO II
Modelo de solicitude

DATOS PERSOAIS

Apelidos:		Nome:
DNI:	NRP:	Grupo:
Enderezo: rúa ou praza, número, localidade, CP		
Provincia:	Teléfono contacto:	
Corpo/escala/clase:		

(1) DESTINOS ESPECIFICADOS POR ORDE DE PREFERENCIA (Páxina nº.....)

ORDE	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	GRUPO

(1) De solicitarse máis postos de traballo, fotocopiarase este modelo, numerando as fotocopias, asinando en cada unha e especificando o número de orde.

RESULTAS

Localidade/s: _____

Nivel mínimo: _____

SOLICITUDE CONDICIONADA POR CONVIVENCIA FAMILIAR

DATOS PERSOAIS DO CÓNXUXE OU PARELLA DE FEITO

Apelidos:		Nome:
DNI:	NRP:	Grupo:
Enderezo: rúa ou praza, número, localidade, CP		
Provincia:	Teléfono contacto:	
Corpo/escala/clase:		

..... de..... 2008

(Sinatura)

ANEXO III
Certificación de méritos

Nome do/a funcionario/a
Cargo

CERTIFICO que segundo os antecedentes que constan neste centro directivo, e á vista da documentación que achega o/a funcionario/a don/dona ten acreditados os seguintes datos administrativos:

NRP	Corpo/escala/clase	Grupo
Situación administrativa		

Posto de traballo definitivo	Data da toma de posesión	Forma de provisión
Número código do posto	Nivel	Unidade orgánica da que depende
Consellería/Sergas	Localidade	Provincia

Posto de traballo actual	Data da toma de posesión	Forma de provisión
Número código do posto	Nivel	Unidade orgánica da que depende
Consellería/Sergas	Localidade	Provincia

MÉRITOS

(especificar en letra)

I) VALORACIÓN DO TRABALLO DESENVOLTO E PERMANENCIA**I.1. TRABALLO DESENVOLTO** (sinállese por orde cronolóxica empezando polo máis antigo)

Denominación do posto desempeñado	Nivel	(anos, meses, días)	Duración	Definitivo/Outras situacións
1.				
2.				
3.				
4.				
5.				

I.2. PERMANENCIA NO POSTO (incluíranse os dous anos de permanencia obrigatoria)

Anos completos ou fracción superior a 6 meses _____

II) CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO E TITULACIÓN ACADÉMICA**II.1. CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO**

Denominación do curso	Organismo convocante	Data realización	Duración horas
1.			
2.			
3.			
4.			

II.2. TITULACIÓN ACADÉMICA

- Titulación requirida para o acceso ao corpo/escala/clase desde o/a que se concursa _____
- Outras titulacións de igual ou superior nivel académico ao da anterior _____

III) ANTIGÜIDADE**SERVIZOS PRESTADOS NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS**

Anos completos ou fracción superior a 6 meses _____

IV) GRAO CONSOLIDADO: Nivel _____**V) GRAO DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO** _____

(Especificar grao de coñecemento)

Para que conste, para os efectos de participación do/a funcionario/a no concurso convocado pola Resolución do 27 de xullo de 2008, asino esta certificación en _____, o _____ de _____ de 2008.

NOTA: quen certifique anulará os espazos que queden en branco e fará constar o selo e a sinatura en cada folla, xuntando a documentación a que se refire a base cuarta.

ANEXO IV
Valoración de méritos

A valoración de méritos para a adxudicación dos postos de traballo efectuarase conforme o seguinte baremo:

I) Valoración do traballo desenvolvido e permanencia: (máximo 6 puntos).

I.1. A valoración do traballo desenvolvido efectuarase de acordo cos seguintes criterios:

Soamente se computarán os traballos desempeñados como funcionario/a de carreira da escala de saúde pública e Administración sanitaria na clase a que pertenza, en postos de traballo catalogados como de saúde pública ou de Administración sanitaria.

En todo caso, queda excluído da valoración calquera outro tipo de posto de traballo desempeñado, incluídos os sanitarios que teñan como contido esencial o clínico-asistencial.

-Por cada ano ou fracción superior a 6 meses de traballo desempeñado, sempre que o posto solicitado sexa inferior ao posto desempeñado en máis de dous niveis: 0,75 puntos.

-Por cada ano ou fracción superior a 6 meses de traballo desempeñado, cando o posto desempeñado e o solicitado teñan igual nivel ou o posto solicitado sexa inferior ao posto desempeñado ata dous niveis: 0,50 puntos.

-Por cada ano ou fracción superior a 6 meses de traballo desempeñado, sempre que o posto solicitado sexa de nivel superior ao desempeñado: 0,25 puntos.

I.2. Permanencia (no posto desde o cal se participa, como funcionario/a de carreira):

Por permanecer no mesmo posto desde o cal se participa: 0,15 puntos por cada ano ou fracción superior a 6 meses.

Os/as funcionarios/as que se atopen na situación de adscrición provisional e os/as que participen desde un posto obtido polo sistema de libre designación terán o mesmo tratamento que os/as que concorran desde un posto obtido por concurso.

Para os efectos anteriores (valoración do traballo desenvolto e permanencia) os servizos prestados en comisión de servizos ou adscrición provisional puntuaranse como prestados no posto efectivamente ocupado.

II) Cursos de formación e perfeccionamento e titulación académica: (máximo 7 puntos).

II.1. Cursos de formación e perfeccionamento: (máximo 5 puntos).

Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, colexios profesionais, INEM, sindicatos e asociacións científicas oficialmente recoñecidas ou acreditados ou avalados polos organismos competentes, sempre que o seu contido estea relacionado coas funcións propias da escala de saúde pública e Administración sanitaria, segundo a seguinte valoración:

Por cada crédito: 0,1 puntos.

Por cada hora: 0,01 puntos.

Os cursos valoraranse polos créditos que consten nos seus certificados. De non constar os créditos, os cursos valoraranse polas horas que se especifiquen no certificado.

En todo caso, quedan excluídos do cómputo os cursos que non estean suficientemente acreditados, así como aqueles en que non conste o número de créditos ou de horas, a data de impartición, o contido ou temario do curso así como o órgano convocante e impartidor.

Non se valorarán os diplomas relativos á realización de xornadas, seminarios, simposios ou similares, sempre que non estean debidamente acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica.

Os cursos de procedemento administrativo, de informática e de prevención de riscos laborais serán valorados sempre que estean convocados e impartidos por algunha das administracións ou entidades antes sinaladas.

Igualmente serán valorados os cursos de perfeccionamento de xefes de sección, para os postos solicitados de xefes de sección.

II.2. Titulación académica (máximo 2 puntos).

-Diplomado sanitario: 0,25 puntos.

-Licenciado sanitario: 0,50 puntos.

-Cursos monográficos de doutoramento ou de terceiro ciclo: 0,75 puntos.

-Grao de suficiencia investigadora: 1 punto.

-Grado de doutor: 1,50 puntos.

-Título de especialista en ciencias da saúde: 2 puntos.

Valorarase só unha titulación académica, sempre que sexa distinta á requirida para o acceso ao corpo,

escala e clase desde o cal se concursa e de igual ou superior nivel académico. Non se terán en conta as titulacións que sirvan de base para a obtención doutra superior.

III) Antigüidade: (máximo 6 puntos).

Servizos prestados nas administracións públicas:

Por cada ano ou fracción superior a 6 meses de servizos como funcionario/a de carreira: 0,25 puntos.

Para estes efectos, computaranse os recoñecidos que se prestasen con anterioridade á condición de funcionario/a.

IV) Grao persoal consolidado: (máximo 2 puntos).

Polo nivel 18 de grao consolidado: 0,80 puntos.

Por cada unidade de nivel que exceda o 18: 0,10 puntos.

Nos supostos en que os/as funcionarios/as non teñan consolidado grao persoal ningún ou este sexa inferior a 18, computarase, para os efectos de puntuación nesta epígrafe, o nivel mínimo correspondente ao intervalo de niveis do grupo de cada corpo ou da escala a que pertenza o/a funcionario/a.

V) Grao de coñecemento do idioma galego: (máximo 2 puntos).

-Iniciación ao galego: 0,5 puntos.

-Perfeccionamento do galego: 1 punto.

-Linguaxe administrativa, nivel medio de linguaxe administrativa local galega ou de linguaxe xurídica galega, os ciclos elemental e superior dos estu-

dos de galego das escolas oficiais de idiomas: 2 puntos.

No caso de acreditar máis dun grao de coñecemento de galego, só se computará o superior.

Soamente se lles concederá validez, no que se refire á acreditación do coñecemento do galego, os cursos, estudos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Presidencia da Xunta de Galicia.

O coñecemento do idioma galego só será obxecto de valoración nesta epígrafe.

VI) Medidas de conciliación e de igualdade de xénero:

VI.1. Coa finalidade de conciliar a vida laboral e familiar dos/as funcionarios/as públicos/as, outorgarase unha puntuación de 0,5 puntos a aqueles/as participantes para os postos solicitados situados na localidade onde teña o seu destino definitivo como funcionario/a público/a o seu cónxuxe ou parella de feito sempre que aquel pretenda acceder desde unha localidade distinta daquela en que teña o seu destino definitivo. Esta circunstancia acreditarase da seguinte forma:

a) Certificado de matrimonio ou acreditación de ser parella de feito.

b) Certificado expedido polo xefe de persoal do centro directivo onde o cónxuxe ou parella de feito preste servizos segundo anexo V.

VI.2. O tempo de permanencia na situación de excedencia para o coidado de familiares será computado na súa totalidade como tempo de servizos prestados.

ANEXO V

Certificado do posto do cónxuxe ou parella de feito

Nome do/a funcionario/a.....

Cargo.....

CERTIFICO que segundo os antecedentes que constan neste centro directivo e á vista da documentación presentada, o/a funcionario/a cuxos datos se especifican, que declara ser cónxuxe ou parella de feito de con DNI nº..... ten acreditados os seguintes datos administrativos:

Apelidos e nome:		NRP:	
Corpo/escala/clase:	Grupo:	Situación administrativa:	
Posto de traballo definitivo:			
Data de toma de posesión:	Forma de provisión:		
Consellería:	Localidade:	Provincia:	
Administración a que pertence o posto: Xunta { } Estado { } Local { } Outras { }			